



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso monográfico Dereito TIC e Compliance

CONVOCATORIA: Curso monográfico Dereito TIC e Compliance

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	14
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2019
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 01/06/2019 - 08:00h ao 05/06/2019 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O concepto de compliance, cumprimento legal ou cultura do cumprimento, abarca un conxunto de principios éticos, directrices, códigos de condutas e de boas prácticas que informan e ordenan a actuación das entidades co fin de consolidar e transparentar a filosofía do seu proxecto e articular un conxunto de políticas de prevención e control que as converta en máis confiáveis, minimizando o risco e xerando, tanto na súa dimensión interna como nas súas relacións externas, unha cultura de observancia da legalidade e de potenciación daqueles valores que as identifique como organizacións responsables e comprometidas coa súa contorna económica, social e cultural.

Por outra banda, o Regulamento xeral de protección de datos que recentemente entrou en vigor supón novo marco normativo común a toda a Unión Europea, que fai da protección de datos unha área de coñecemento que require un elevado nivel técnico e de comprensión, en que dereito e informática mestúranse de forma irremediable.

O principal obxectivo deste curso é profundar no estudo do cumprimento legal (compliance) e do Dereito TIC tras a recente aprobación do seu marco normativo, tanto para España como para toda a UE.

DESTINATARIOS

O curso diríxese ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia e das universidades do Sistema universitario de Galicia que estea en posesión do título de doutoramento, licenciatura, diplomatura, grao, arquitectura, enxeñería, arquitectura técnica ou enxeñería técnica.

No caso de non cubrir a totalidade das prazas convocadas, ás vacantes que resulten poderán acceder os e as profesionais que estean en posesión do título de doutoramento, licenciatura, diplomatura, grao, arquitectura, enxeñería, arquitectura técnica ou enxeñería técnica.

PROGRAMA

O curso consta de 2 módulos diferenciados: dereito TIC e Compliance.

MÓDULO 1:DEREITO TIC

1. Introducción e ámbitos xerais regulados polo Dereito TIC.
2. Protección de datos persoais.
3. Comercio electrónico.
4. Sinatura electrónica.
5. Propiedade Intelectual.
6. Delitos tecnolóxicos.

MÓDULO 2: COMPLIANCE

1. Introducción.
2. Modelos de cumprimento internacionalmente aceptados. En especial, estándares ISO e UNE.
3. A responsabilidade penal da persoa xurídica.
4. Aspectos procesuais do procedemento penal fronte ás persoas xurídicas.
5. Sistemas e modelos de referencia: Goberno, Riscos e Cumprimento (GRC).
6. A cultura de cumprimento corporativo.
7. Prevención da corrupción, delitos e medidas para contrarrestala.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes, dando preferencia ao persoal empregado público de acordo co establecido no punto 3 da convocatoria.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Formalizada a inscrición vía telemática, deberá enviarse, ademais e antes de que finalice o prazo e hora de inscrición, un correo electrónico a novas.egap@xunta.gal achegando copia dalgún dos títulos requiridos e especificados no punto 3 desta convocatoria (doutoramento, licenciatura, diplomatura...) no caso de que non obren en poder da Administración.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 11/06/2019 a 19/06/2019

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

Pintos & Salgado Abogados, S.C.

Juan Antonio Frago Amada

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 2: Os días 11, 13, 17 e 19 de xuño de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA